



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 26 DE XANEIRO DO 2022

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Secretaría-Interventora:

Irene Suárez López

Sesión telemática celebrada en virtude do artigo 46.3 da LBRL introducido pola Disposición Adicional segunda do Real Decreto legislativo 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. Sendo as 19:30 horas do 26 de xaneiro do 2022, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaría-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **á acta correspondente ás sesións celebradas o 24 de novembro e 30 de decembro do 2021.**

Non habendo intervencións enténdense aprobadas por unanimidade dos asistentes (11 votos)

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CABANAS, MODALIDADE DEPENDENCIA”

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe:

Expediente: 101/2021

Procedemento: Contratación do servizo de axuda no fogar do concello de Cabanas, na modalidade de dependencia

PROPOSTA ALCALDÍA: ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CABANAS, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA.

Visto a providencia de Alcaldía de data 22/03/2021, pola que se acorda iniciar o expediente de contratación para a licitación do “Servizo de axuda no fogar do Concello de Cabanas, na modalidade de dependencia”, coas seguintes características:

<i>Tipo de contrato:</i>		Servizos
<i>Obxecto do contrato:</i>		SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE CABANA
<i>Procedemento de contratación:</i>		Aberto
<i>Tipo de Tramitación:</i>		Ordinaria
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN		
<i>Orzamento base IVE excluído:</i>	<i>Tipo de IVE aplicable:</i>	<i>Orzamento base IVE incluído:</i>
400.222,61	4%	416.231,51
<i>Aplicación orzamentaria: 233 227.99</i>		
E. VALOR ESTIMADO		
<i>Orzamento base de licitación (IVE excluído)</i>		1.200.667,83
<i>Importe das modificacións previstas (IVE excluído):</i>		240.133,57
<i>Importe das opcións eventuais (IVE excluído):</i>		
<i>Prórroga (IVE excluído):</i>		400.222,61
TOTAL VALOR ESTIMADO:		1.841.024,01
<i>Prazo execución</i>		3 anos
<i>Prórroga</i>		1 ano

Visto a proposta da alcaldía de data 22/03/2021, para a aprobación no Pleno da Corporación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto para o servizo de axuda no fogar do Concello de Cabanas, modalidade dependencia, a efectos de convocar a súa licitación, así como aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, pregos de prescricións técnicas, aprobación do gasto, publicación dos correspondentes anuncios de licitación no Perfil do Contratante, Diario Oficial da Unión Europea, así como designación dos membros da Mesa de Contratación.

Visto o Ditame da Comisión de Servizos Sociais, celebrada en data 25/03/2021, así como acordo do Pleno da Corporación, celebrado en data 31/03/2021.

Publicados os correspondentes anuncios no Diario Oficial da Unión Europea e na Plataforma de Contratos do Sector Público, en data 16/08/2021 réunese a Mesa de Contratación designada en dita licitación, a efectos de proceder á apertura dos Sobres A (Documentación Administrativa) e Sobre C (documentación cuxa ponderación depende de xuízo de valor), co seguinte resultado, segundo consta na acta da Mesa de Contratación:

Apertura Sobre A, documentación administrativa.

Dáse conta pola Secretaría que no prazo outorgado para a presentación de ofertas na licitación do expediente de referencia concorreron as seguintes empresas:

Empresa licitadora	CIF	Data presentación
Carflor SL	B24214926	09/08/2021: 09:01 horas
Idades SL	B36577542	08/08/2021: 21:24 horas
OHL Servicios Ingesan SA	A27178789	09/08/2021: 18:23 horas
OsVentos Innovación en Servizos SL	B70493275	09/08/2021: 18:12 horas
Protección Geriátrica 2005 SL	B53977013	09/08/2021: 20:03 horas
Servizos Sociais Virxe do Carme SL	B70028832	09/08/2021: 09:49 horas
SIAD24 Galicia SL	B15612039	09/08/2021: 11:29 horas
Sociser Galicia SL	B94051349	09/08/2021: 20:52 horas
Troncoso Casares SL	B32353195	09/08/2021: 13:12 horas

Unha vez descifrados e abertos os Sobres A achegados polas empresas licitadoras a Mesa de Contratación decide por unanimidade aceptar a tódalas empresas licitadoras, por corresponderse a documentación achegada coa establecida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Segundo. Apertura Sobre C, documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.

Unha vez descifrados e abertos os Sobres C achegados polas empresas licitadoras, nos que se inclúe o proxecto técnico do servizo licitado, a Mesa de Contratación suspende o acto a efectos de dar traslado da documentación achegada no Sobre C para emisión de Informe técnico de valoración.

En data 29/11/2021, réunese a Mesa de Contratación a efectos de dar traslado do Informe de valoración dos criterios baseados en xuízos de valor, apertura e valoración do Sobre B

(criterios avaliados automáticamente). Dáse conta do Informe técnico emitido en relación aos criterios baseados en xuízos de valor, obtendo o seguinte resultado:

Empresa licitadora	CIF	Puntuación
Carflor SL	B24214926	31,50
Idades SL	B36577542	18,25
OHL Servicios Ingesan SA	A27178789	25,75
OsVentos Innovación en Servicios SL	B70493275	10,75
Protección Geriátrica 2005 SL	B53977013	21,75
Servicios Sociais Virxe do Carne SL	B70028832	30,75
SIAD24 Galicia SL	B15612039	26,25
Sociser Galicia SL	B94051349	27,50
Troncoso Casares SL	B32353195	32,75

A Mesa de Contratación acorda por unanimidade excluír da licitación ás empresas Idades SL e OsVentos Innovación en Servicios SL por non alcanzan a puntuación mínima de 20,00 puntos establecidas no PCAP.

Unha vez descifrados e abertos os Sobres B das empresas admitidas na licitación e valoradas as mesmas, obtense o seguinte resultado:

Empres a licitador a	CIF	Oferta económi ca (prezo hora)	Bols a hora s (Max. 450 hora s anuai s)	Servizo podolo xía (Max. 90 horas anuais)	Servizo Fisioter apia (Max. 55 horas anuais)	Servizo perruque ría (Max. 75 horas anuais)
Carflor SL	B242149 26	18,18	450	90	55	75
OHL Servicio s Ingesan SA	A271787 89	17,04	450	90	55	75
Protecci ón Geriátri ca 2005 SL	B539770 13	17,10	450	90	55	75
Servicio s Sociais Virxe do Carne SL	B700288 32	16,69	450	90	55	75

SIAD24 Galicia SL	B15612039	18,00	450	90	55	75
Sociser Galicia SL	B94051349	17,55	450	90	55	75
Troncoso Casares SL	B32353195	17,95	450	90	55	75

Unha vez incluída a oferta económica das empresas licitadoras na Plataforma de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña, obtense o seguinte resultado:

Empresa licitadora	Oferta económica (Max.35 puntos)	Oferta anormalmente baixa
Carflor SL	0,08	Non
OHL Servicios Ingesan SA	10,32	Si
Protección Geriátrica 2005 SL	9,78	Si
Servicios Sociais Virxe do Carme SL	13,48	Si
SIAD24 Galicia SL	1,70	Non
Sociser Galicia SL	5,75	Non
Troncoso Casares SL	2,16	Non

Á vista de que existen tres empresas en situación anormalmente baixa, suspéndese a Mesa de Contratación a efectos de requirir ás empresas que se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, a efectos de presentación xustificativa establecida no PCAP.

En data **14/12/2021** réunese a **Mesa de Contratación**, a efectos de proceder á apertura na Plataforma do Estado da documentación xustificativa achegada polas tres empresas licitadoras que presentaron oferta en situación de anormalmente baixa: OHL Servicios Ingesan SA, Protección Geriátrica 2005 SL e Servicios Sociais Virxe do Carme SL.

Unha vez analizada a mesma a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda estimar debidamente xustificada as ofertas presentadas polas tres empresas licitadoras, resultando definitivamente admitidas na licitación.

A Mesa de Contratación procede á valoración final por orde decrecente de puntuación das empresas licitadoras, obtendo o seguinte resultado:

VALORACIÓN FINAL POR ORDE DECRECENTE DE PUNTUACIÓN:

Empresalicitadora	Puntuación oferta técnica	Oferta económica (Max. 35)	Bolsa horas	Servizo podoloxía	Servizo Fisioterapia	Servizo perruquería	Puntuación total
-------------------	---------------------------	-------------------------------	-------------	-------------------	----------------------	---------------------	------------------

	(Max. 40 puntos)	puntos)	(Max. 10 puntos)	(Max. 5 puntos)	(Max. 5 puntos)	(Max. 5 puntos)	
Servicios Sociales Virxe do Carme SL	30,75	13,48	10	5	5	5	69,23
OHL Servicios Ingesan SA	25,75	10,32	10	5	5	5	61,07
Tronco Casares SL	32,75	2,16	10	5	5	5	59,91
Socier Galicia SL	27,50	5,75	10	5	5	5	58,25
Carflor SL	31,50	0,08	10	5	5	5	56,58
Protección Geriátrica 2005 SL	21,75	9,78	10	5	5	5	56,53
SIAD2 4 Galicia SL	26,25	1,70	10	5	5	5	52,95

Á vista da valoración realizada, a Mesa de Contratación, en cumprimento do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato, realiza proposta de adxudicación en favor da empresa **“Servicios Sociais Virxe do Carme SL”** do contrato administrativo **“Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas”**, por resultar a mellor oferta calidade-prezo.

Visto que en data 14/12/2021 requírese á empresa proposta como adxudicataria para que no prazo de dez (10) días hábiles, previamente á adxudicación do contrato, acredite a posesión e validez dos documentos esixidos na cláusula 19 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como proceda á constitución de garantía definitiva (5% do prezo ofertado, excluído ivo, Cláusula 20 do PCAP).

Visto que a empresa Servicios Sociales Virxe do Carme SL presenta en data 24/12/2021 a documentación requirida, así como aval bancario da entidade Abanca Coporación Bancaria SA, inscrito no Rexistro Especial de Avais nº 672201, por importe de 55.077,00 euros, en concepto de garantía definitiva do contrato administrativo **“Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas”**.

Polo exposto anteriormente, no uso das competencias que lle confire a lexislación vixente e artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato “**Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas**” á empresa *Servicios Sociais Virxe do Carme SL*, polo prezo hora de 16,69 euros e 0,67 euros de iva, o que importa un total de 17,36 euros prezo/hora.

O importe anual do contrato ascende á contía de 381.920,00 euros anuais (22.000 horas anuais previstas de servizo).

O importe total da adxudicación para os tres anos de contrato ascende á contía de 1.145.760,00 euros, iva incluído.

SEGUNDO. O prazo de execución do contrato “**Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas**” será de tres anos, con posibilidade dun ano de prórroga, segundo o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

TERCEIRO. Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 233.22799 do vixente orzamento de gastos. Para o resto dos exercicios, incluída a posible prórroga quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

CUARTO. A empresa “**Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas**” prestará como melloras no presente contrato os seguintes conceptos segundo a oferta presentada:

MELLORAS	
<i>Bolsa de horas anuais</i>	<i>450 horas anuais</i>
<i>Servizo de podoloxía</i>	<i>90 horas anuais</i>
<i>Servizo de fisioterapia</i>	<i>55 horas anuais</i>
<i>Servizo de perruquería</i>	<i>75 horas anuais</i>

QUINTO. Notificar o contido do presente acordo ás empresas licitadoras, con detalle dos recursos procedentes.

SEXTO. Facultar á Alcaldía para a formalización do contrato administrativo “**Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas**”.

SÉTIMO. Publicar na Plataforma de Contratos do Sector Público e no Diario Oficial da Unión Europea dos correspondentes anuncios de adxudicación e licitación, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida o asunto a votación e por dez (10) votos a favor dos concelleiros do PP, PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato “**Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas**” á empresa Servicios Sociais Virxe do Carme SL, polo prezo hora de 16,69 euros e 0,67 euros de iva, o que importa un total de 17,36 euros prezo/hora.

O importe anual do contrato ascende á contía de 381.920,00 euros anuais (22.000 horas anuais previstas de servizo).

O importe total da adxudicación para os tres anos de contrato ascende á contía de 1.145.760,00 euros, iva incluído.

SEGUNDO. O prazo de execución do contrato “Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas” será de tres anos, con posibilidade dun ano de prórroga, segundo o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

TERCEIRO. Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 233.22799 do vixente orzamento de gastos. Para o resto dos exercicios, incluída a posible prórroga quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

CUARTO. A empresa “**Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas**” prestará como melloras no presente contrato os seguintes conceptos segundo a oferta presentada:

MELLORAS	
Bolsa de horas anuais	450 horas anuais
Servizo de podoloxía	90 horas anuais
Servizo de fisioterapia	55 horas anuais
Servizo de perruquería	75 horas anuais

QUINTO. Notificar o contido do presente acordo ás empresas licitadoras, con detalle dos recursos procedentes.

SEXTO. Facultar á Alcaldía para a formalización do contrato administrativo “Servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia do Concello de Cabanas”.

SÉTIMO. Publicar na Plataforma de Contratos do Sector Público e no Diario Oficial da Unión Europea dos correspondentes anuncios de adxudicación e licitación, de conformidade co establecido na normativa vixente.

3. PROPOSTA DE NOMEAMENTO REPRESENTANTE NA ENTIDADE DE CONSERVACIÓN DO POLÍGONO DE VILAR DO COLO.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe:

Expediente: 72/2022

Procedemento: Participación en Organismos ou Institucións

PROPOSTA ALCALDÍA: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NA ENTIDADE DE CONSERVACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL VILAR DO COLO.

A Corporación Municipal de Fene en sesión ordinaria celebrada con data 3 de abril de 2003, e do Concello de Cabanas en sesión de data 20 de maio de 2003 respectivamente, prestaron

aprobación definitiva á Constitución de Proxecto de Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de Vilar do Colo, en base aos estatutos o artigo 7 establece que son membros da Entidade “As Corporacións Municipais, como Administracións actuantes” así mesmo no seu artigo 17 fixa que “formará parte da Asemblea un representante de cada unha das Administracións actuantes, que serán as persoas que desenvolvan no respectivo Concello as funcións de Axente de Desenvolvemento Local”.

Dada a necesidade de asistir as reunións de se convocaran por parte de dita Entidade e non tendo nomeado representante esta corporación municipal faise necesario elevar proposta de nomeamento ao Pleno da corporación.

*Polo exposto anteriormente, no uso das competencias que lle confire a lexislación vixente e artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO. Nomear a Iago Varela Martínez que desenvolverá as funcións en base ao artigo 7 dos Estatutos da Entidade de Conservación do Polígono Industrial Vilar do Colo.

SEGUNDO. Dar traslado do nomeamento a Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial Vilar do Colo.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida o asunto a votación e por seis (6) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo mixto, catro (4) abstencións dos concelleiros do PP e un (1) voto en contra do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Nomear a Iago Varela Martínez que desenvolverá as funcións en base ao artigo 7 dos Estatutos da Entidade de Conservación do Polígono Industrial Vilar do Colo.

SEGUNDO. Dar traslado do nomeamento a Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial Vilar do Colo.

4. INFORMES DA PRESIDENCIA:

4.1. RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións de Alcaldía aprobadas dende o último pleno ordinario.

5. MOCIÓNS

Non hai.

6. ROGOS E PREGUNTAS

Remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta e nove minutos, estendéndose a presente acta da que, eu, Secretaria, certifico.

Vº e P